

2º ESO

EXERCICIOS RESOLTOS 2º ESO-SEMANA DO 23-27 DE MARZO

2ª SESIÓN

O FOLLETO

(Páxina 117)

1. Le o seguinte folleto e responde estas cuestións:

- De que trata? A quen vai dirixido?
- Que cres que se pretende con este folleto?
- Cales das características do folleto se cumpren neste?

Resposta:

- O folleto vai dirixido a todas aquelas persoas interesadas en realizar unha andaina de 50 km pola cidade de Santiago de Compostela. O folleto dá información de como inscribirse, a descrición do percorrido e como este vai desenvolverse.
- Este folleto anima a participar nun evento deportivo e de lecer e dá información das características deste evento, polo que tamén cumpre unha función informativa.
- As características deste folleto son:
 - Presenta información precisa e ben organizada, separada, neste caso, por apartados.
 - Non emprega parágrafos longos.
 - Presenta imaxes para completar a información (mapa da ruta, perfil).
 - Presenta un deseño atractivo, en formato tríptico, cunha portada axeitada ao contido e con cores, así como tipografía en diversas cores que fan máis chamativo e agradable o texto.

2. Ás veces en lugar da palabra “ folleto” empregamos “tríptico” ou “díptico”. A que se refiren? Cal é a diferenza entre elas?

Resposta:

- **Tríptico:** Folla do tamaño dun folio aproximadamente, que se divide en tres partes iguais, dúas laterais que se abaten sobre unha central. Utilízase para difundir información, propaganda etc.
- **Díptico:** Folla que se divide en dúas partes iguais e que se usa para difundir información, propaganda etc.

(Páxina 128)

1. Que é un folleto? Que outras formas hai de chamalo? Cales son os obxectivos que se procuran cando se fai un folleto?

Un folleto é un texto expositivo no que se presenta unha serie de informacións de forma sinxela, ordenada e clara. Podemos denominalo tamén «díptico» ou «tríptico». Os obxectivos que se perseguen con el poden ser variados: informar, modificar unha actitude, adquirir un produto, visitar un lugar, participar nunha determinada actividade etc.

COOPERACIÓN E CORTESÍA (páxina 128)

2. Tendo en conta as máximas de cooperación e as normas de cortesía elementais vistas nesta unidade, indica se son correctas estas expresións. As que non o sexan, reescríbeas para que o sexan:

- *A ver se te sentas ben.*
Non estás incómodo?
Non sería mellor que sentases ben?
- *Tedes algunha dúbida?*
- *Poderíaste peitear?*
Creo que sería mellor que te fixases en como levas o pelo.
- *Lévocho no recreo.*
Que che parece se cho levo no recreo?
- *Esa cor de pelo é diferente.*
Gústame como tes o cabelo, esa cor de pelo é diferente, non?
- *Non me poderás deixar o teu libro de lectura?*
Cando acabes de lelo, poderíame deixar o teu libro de lectura, por favor?

3ª SESIÓN

A RADIO E A TELEVISIÓN (páxinas 120-121)

1. O léxico da marxe está tomado da páxina web da Radio Galega que aparece reproducida a seguir. Define coas túas palabras o seu significado.

- Boletín (informativo): espazo informativo breve de carácter periódico (xeralmente a cada hora) que se emite nos intermedios da programación.
- Podcast: ficheiros de son que fican almacenados nun servidor de Internet e que as persoas subscritas baixan automaticamente.
- Frecuencia (modulada): modalidade de emisión por radio na que a onda portadora se modula ao variar a súa frecuencia baixo a acción da onda acústica. A súa sigla é FM.
- Magazine: formato de programa radiofónico ou televisivo de entretemento que combina diferentes xéneros (actuacións, concursos, entrevistas etc.), dirixido ao gran público. Tamén se denomina «programa de variedades» ou «revista».
- Informativo: espazo radiofónico ou televisivo que informa das noticias do día. Está baseado na descrición obxectiva dos feitos e prescinde da opinión de quen os narra. Tamén se denomina «telexornal» ou «noticario».

Cales destes termos son préstamos? De que lingua proveñen?

Os préstamos que atopamos entre estes termos son os seguintes: *podcast* (do inglés, contracción de *iPod* e *broadcast*) e *magazine* (do inglés, co significado de 'revista').

2. Agora debes achegar a palabra relacionada co mundo da radio que se corresponde coas seguintes definicións:

- Profesional da radio ou da televisión encargado de conducir os programas: *locutor* ou *locutora*.
- Persoa que escoita un programa de radio: *oínte* ou *ouvinte*.
- Transmitir por radio: *radiar*.
- Local onde se realizan gravacións e emisións de programas de radio: *estudio*.

3. Lede o seguinte texto e despois contestade as preguntas que se fan sobre el:

- **Indica o significado dos termos destacados:**
 - **Filmar:** gravar cunha cámara de cine, televisión ou vídeo.
 - **Guión:** texto en que se expoñen o argumento e os detalles técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha película ou dun programa de radio ou televisión.
 - **Audiencia:** conxunto de espectadores dunha emisión ou dun medio.
 - **Concurso:** xénero televisivo no que unha ou varias persoas disputan un premio.
 - **Estudio de gravación:** local destinado á gravación de programas de televisión.
 - **Concursante:** persoa que participa nun concurso.
 - **Telespectador:** espectador de televisión.
 - **Grella:** plano detallado do horario das emisións programadas diaria, semanal ou mensualmente por unha emisora.
 - **Canle:** estación de radio ou televisión.
- **Substitúe as seguintes palabras do texto por outras que sexan sinónimas nese contexto: *filmada, grella, canle, concursar.***
 - **Filmada:** rodada.
 - **Grella:** programación.
 - **Canle:** cadea.
 - **Concursar:** participar.
- **A palabra televisión está formada co prefixo tele- que significa 'a distancia'. Noutras palabras como *telerealidade, telespectadores*, este prefixo pasou a significar 'televisión. Di cal dos dous significados ten este prefixo nos seguintes vocábulos:**
 - 'Televisión' (ou 'transmitido por televisión'): telexornal, telelixo, televidente, teleadicto, telenovela.
 - 'A distancia': teléfono, telégrafo, telepatía.

SOLTAMOS A LINGUA

Actividade de resposta aberta.

4. De seguido tes unha columna con diferentes espazos televisivos e outra con adexctivos que poden definilos. Une, segundo o teu criterio, os termos das dúas columnas:

Actividade de resposta aberta para a cal ofrecemos estas posibles respostas:

- Programas deportivos: apaixonantes
- Telenovelas: aditivas
- Documentais: educativos
- Concursos: enredantes
- Teleseries: entretidas
- Telexornais: rigorosos
- Anuncios publicitarios: enganoso